



COLEXIO “SAN JORGE”

Avda. de Coímbra, 24

15704 – Santiago

Telf./ Fax: 981-581398

colexiosanjorge@colexiosanjorge.com

PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

INDICE

NOTAS DE IDENTIDADE

- 1.- Características do Centro.**
- 2.- Confesionalidade.**
- 3.- Lingua de aprendizaxe.**
- 4.- Coeducación.**
- 5.- Liña metodolóxica.**
- 6.- Valores.**
- 7.- Modalidade de xestión institucional.**

OBXECTIVOS

- a) Ambito Pedagógico.**
- b) Ambito Institucional.**
- c) Ambito Humán e de Servicios.**
- d) Ambito Administrativo.**

Este proxecto céntrase tendo en conta a lexislación estatal e os diferentes regulamentos e decretos que por competencia ten a Consellería de Educación da Comunidade Autónoma.

A) NOTAS DE IDENTIDADE

1.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O Colexio San Jorge está ubicado na zona urbana, sito na Avenida de Coimbra, número 24 de Santiago de Compostela.

É un Centro Concertado singular de Primaria, con once unidades, distribuídas de seguinte xeito:

- Dúas de Educación Especial.
- Tres de Educación Infantil (3, 4, e 5 anos)
- Seis de Educación Primaria.

O Centro ten diversos servicios:

- Taller
- Sala de usos múltiples
- Biblioteca
- Despacho de tutorías
- Aula de informática
- Aula de Apoyo
- Comedor
- Cociña
- Oficina de dirección e secretaría
- Dous patios ó aire libre
- Transporte.

Do Servizo de Comedor Escolar acúpanse catro mestres, para axudar a comer, recoller, e organizar.

O alumnado é maioritariamente do noso Concello. Aproximadamente a metade dos nosos alumnos proveñen dos arredores do centro e a outra metade dende outras zonas de Santiago (núcleo e bisbarra).

No nivel social, podemos distinguir dous tipos: un socioeconómico e outro sociocultural. O socioeconómico dos nosos alumnos pódese considerar medio, namentres que o sociocultural é medio baixo, posto que tan só o 15% dos pais teñen estudos superiores e a meirande parte teñen completos os estudos de Educación Primaria.

A capacidade do Centro é de 230 alumnos.

A ratio media mestre-alumno é de 25.

O Consello Escolar está constituído por:

- O/ A Director/a do Centro.
- Tres representantes pola entidade do Centro.
- Catro mestres do Centro.
- Catro pais de alumnos.
- Un representante da Administración e servizos.
- Un representante do AMPA.

A A.M.P.A. do Centro está integrada por tódolos pais dos alumnos do Centro que son representados por medio dunha Xunta Directiva formada por:

- ❖ 1 presidente
- ❖ 1 vicepresidente
- ❖ 1 secretario
- ❖ 1 tesoureiro
- ❖ 4 vocais
- ❖ 1 representante do centro
- ❖ 4 colaboradores

O Claustro de Mestres está formado por 16 mestres que se axuntan tres veces obrigatorias perante o curso, amais das extraordinarias necesarias para a boa marcha do Centro, sempre que requira a actividade docente.

Tamén funcionan catro equipos docentes:

- a) Educación Infantil e Educación Especial.
- b) 1er ciclo de Educación Primaria.
- c) 2º ciclo de Educación Primaria.
- d) 3º ciclo de Educación Primaria.

Adxúntase tódolos quince días e sempre que os departamentos programen actividades transversais para conmemorar festividades, etc

Temos tamén o Equipo de Normalización Lingüística integrado por cinco mestres.

2.- CONFESIONALIDADE

Este Colexio pronúnciase ideoloxicamente Católico. Está adscrito ó Colexio La Salle de Santiago de Compostela.

Consideramos importante formar ós alumnos na ideoloxía Católica xa que cremos que lle da ó neno uns valores fundamentais neste mundo carente deles.

Respetamos tódalas ideoloxías e crenzas cando os pais así o manifesten.

3.- LINGUA DE APRENDIZAXE

O alumnado deste Centro é maioritariamente castelán-falante e polo tanto a lingua de intercomunicación é dun xeito básico o castelán.

Ampliamos pois o uso da nosa lingua dun xeito paulatino e paseniñamente segundo se explica no plan de Normalización Lingüística.

Tentamos que ó finaliza-la Educación Primaria, os alumnos teñan dominio tanto oral coma na escrita das suas linguas oficiais.

Ofréceselles como lingua estranxeira o inglés dende 3 anos de Educación Infantil.

4.- COEDUCACIÓN

O Colexio é misto. Cun 50% aproximadamente dos dous sexos.

O Centro practica unha educación para a igualdade, tratando de elimina-las actitudes sexistas, as discriminacións e diferenciacións de roles entre o home e a muller a traversa da elaboración dun programa pormenorizado.

5.- LIÑA METODOLÓXICA

Tentamos acadar no noso claustro o equilibrio e a complementación de métodos diversos, no que cada mestre aparte o seu propio estilo docente segundo os seus principios psicopedagóxicos, xa que consideramos que non é tan importante o método que se utilice para acadar os obxectivos propostos se non dominar ben o método elixido.

Como norma xeral potenciamos:

- ❖ Observación directa.
- ❖ Interdisciplinabilidade.
- ❖ A globalización na Educación Infantil e 1º ciclo de primaria.
- ❖ Ensino participativo e creativo.
- ❖ Desenvolver o espírito crítico e capacidade de discusión.
- ❖ Partindo do ensino individual chegar a traballar mais en equipo.
- ❖ Aproveita-lo entorno e os recursos que éste nos ofrece respondendo ós seus intereses mais pretos, para motivar ó alumno.
- ❖ Consideramos importante o aspecto afectivo e a necesidade dunhas boas relacións baseadas no diálogo e na comunicación entre os distintos membros da comunidade educativa.
- ❖ Unha orde e unha disciplina necesarios para a vida e o traballo escolar, baseados no: respecto mutuo, o diálogo e a solidariedade.

6.- VALORES

- ✓ As actitudes, valores e normas que tentamos desenvolver nos nosos alumnos/as son respecto ós dereitos e liberdades fundamentais e o exercicio de Tolerancia e liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
- ✓ Propómonos acadar un ambiente de traballo responsable e solidario carente de todo tipo de violencia que posibilite a realización persoal de todos e cada un, preocupándonos ademais do bo trato e coidado das instalacións do Centro e material escolar.
- ✓ Respeto polo pluralismo ideolóxico, político, religioso, racial, etc.
- ✓ Predisposición os alumnos para a súa autoformación persoal.
- ✓ Rexeitar todo tipo de dogmatismo.
- ✓ Fomenta-la colaboración entre compañeiros descartando a competitividade.
- ✓ Compromiso cos valores democráticos e respecto ós dereitos humanos: solidariedade, liberdade, tolerancia, participación, espírito crítico, responsabilidade...
- ✓ Respeto á vida.

- ✓ Respeto e comprensión ás persoas con minusvalías.
- ✓ Respeto ós animais.
- ✓ Respeto á ancianidade.
- ✓ Tentamos que os nenos valoren a palabra “PAZ” en todo a sua extensión.

7.- MODALIDADE DE XESTIÓN INSTITUCIONAL

Este Centro estrutúrase de xeito que procure a participación efectiva de tódolos mestres, pais e alumnos e demais representantes elididos por cada un dos estamentos da comunidade educativa.

Adicaselle a debida importancia ó diálogo dos mestres cos pais co galo de tentar unha maior colaboración entre a familia e a escola, para atinxir un mellor coñecemento do alumno.

E importante o labor de coordinación que leva a cabo a AMPA co claustro de mestres apara establece-las distintas actividades extraescolares.

B) O B X E T I V O S

a) AMBITO PEDAGÓXICO

1. Desenvolve-las capacidades cognitivas.
2. Fomenta-la afición á lectura e escritura.
3. Acudir a distintas fontes culturais para o coñecemento dos distintos conceptos que se imparten.
4. Desenvolver hábitos e técnicas de estudio.
5. Esperta-la curiosidade.
6. Tentar unha boa expresión oral e escrita nas dúas linguas utilizadas na nosa comunidade.
7. Proporcionar estratexias ós alumnos para que continuen a súa autoformación.
8. Acadar unha igualdade entre os dous sexos tratando de elimina-las barreiras diferenciadoras que hai na nosa sociedade neste momento.

9. Respetar-las diferencias sociais, intelectuais, raciais...dos distintos compañeiros, creando un clima de cordialidade e solidariedade.
10. Concienciar ós alumnos da súa colaboración en beneficio da natureza.
11. Axudar, respetar e valorar ós nenos con minusvalías físicas, psíquicas e caracteriais.
12. Fomentar hábitos en mellora da saúde.
13. Previ-la drogadicción (alcoholismo, heroína, cannabis...)
14. Respetar-las individualidades (timidez, introversión, lentitude...)

b) AMBITO INSTITUCIONAL

1. Fomenta-la formación permanente do profesorado.
2. Establecer unha coordinación co ensino medio.
3. Informar ós pais sobre diferentes temas de actualidade (reforma, etc...)

c) AMBITO ADMINISTRATIVO

Respetar e facer cumprir o regulamento de réxime interno (R.R.I.) posto que consideramos que para o bo funcionamento do Centro é de suma importancia un R.R.I. ás necesidades e ideario do Centro.

d) AMBITO ADMINISTRATIVO

- Colaborar toda a comunidade educativa co equipo directivo en todo aquilo que sexa posible.
- Establecer unha boa comunicación cos pais coa finalidade de telos informados da marcha do Centro.

Estes obxetivos desenvolveranse no proxecto curricular do Centro (PCC) nas diferentes áreas ó longo dos cursos académicos.

Estes elementos que configuran o entorno escolar non actúan de xeito independente senón que están interrelacionándose e coordinados de tal forma que chegan a realizaren un labor harmónico.